



# **Regulamento do proceso precongresual**

---

# **3º Congreso**



**Confederación Intersindical Galega**

---



# Regulamento do proceso precongresual do 3º Congreso da CIG

---

## Artigo 1º.- Composición do Congreso

---

O Consello Confederal da CIG acordou, con data do 09/11/00, convocar o 3º Congreso da Confederación Intersindical Galega para os días **12 e 13** de maio do 2001, a celebrar na cidade de Compostela.

Este congreso comporá-se de **500** congresistas de elección directa máis os membros do Consello Confederal e os da Comisión de Garantías.

O período de cotizacións, para facer o reparto proporcional de congresistas que corresponden por comarca e federación, será o comprendido entre o 01/07/99 e o 30/06/00.

Ao 31/12/00 fixará-se a relación definitiva de membros do Consello Confederal que son membros natos do Congreso.

Os congresistas deberán estar todos eleitos con data do 11/04/01, inclusive.

## Artigo 2º.- Período de celebración das asembleas de unión comarcal e congresos nacionais de federación

---

Un mes despois de feita a convocatória do Congreso da CIG por parte do Consello Confederal, as unións comarcais e as federacións fixarán as datas das súas asembleas e congresos respectivos, tendo como data tope para a súa celebración o 30/11/01. Para efectos das federacións esta data debe interpretarse como unha recomendación.

## Artigo 3º.- Asignación e distribución dos/as congresistas

---

Para os efectos de determinar o número de congresistas de elección directa que lle corresponden a cada Unión Comarcal e a cada Federación, a Executiva Confederal fará un reparto inicial do número de congresistas que corresponden elixer por cada unión comarcal e dentro destas por cada federación. Para facer este reparto terá en conta a média de cotizacións ingresadas por cada unha destas estruturas no período establecido no Artigo 1º deste regulamento. Posteriormente, seguindo o mesmo criterio, dentro de cada federación a nivel comarcal, fará-se unha segunda distribución por empresas, tendo dereito a elixer congresistas todas aquelas empresas con fraccións igual ou maior que 1,00.

As federacións a nivel comarcal que froito desta distribución non teñan dereito a 1,00 congresista, agruparán-se todas elas para elixer en comun os congresistas que lles correspondan.

Aquelas empresas que tendo dereito a elixer delegados/as optan por non o facer, eses delegados/as decaen, non podendo ser eleitos pola asemblea comarcal da federación, nen participar nela os afiliados/as pertencentes a estas empresas. Igual criterio será aplicábel para aquelas federacións que non elixan todos os congresistas a que teñen dereito.

Cada afiliado só poderá participar nunha asemblea, na da súa empresa ou na do seu sector na comarca.

## Artigo 4º.- Asembleas pre-congresuais

---

As asembleas pre-congresuais das federacións nas unións comarcais desenvolverán-se en dous períodos, un primeiro período de celebración de asembleas de afiliados/as exclusivamente para debate das ponencias e un segundo período de asembleas de afiliados/as exclusivamente para elección de congresistas.

A executiva comarcal de cada federación ou órgano equivalente será a responsábel da convocatória das asembleas e todo o que isto conleva (comunicación aos afiliados/as, seguimento dos censos, recollida de candidaturas, preparación do material necesario para a celebración das mesmas, recollida das actas e envío das mesmas a nivel nacional...). Naquelas federacións que non estean constituídas na comarca, asumirá esa responsabilidade a Executiva da Unión Comarcal. Da convocatória das asembleas sectoriais comarcais darase información á Executiva da Unión Comarcal, cunha antelación mínima de dúas semanas. De todas estas convocatorias farase exposición pública nos taboleiros de anuncios dos locais correspondentes.

Todos os afiliados e afiliadas deberán ser convocados por escrito, mediante carta remetida con polo menos quince días de antelación á data fixada para a celebración da asemblea. Nesta carta deberá constar: día e hora de celebración das asembleas, tanto a correspondente a debate das ponencias como a de elección de congresistas, lugar das mesmas, temas a tratar, cargos a eleger, se é o caso, así como prazos de presentación de candidaturas.

**As asembleas de debate das ponencias** celebraránse nas cabeceiras das unións locais constituídas en cada unión comarcal. De cada unha destas asembleas redactaráse unha acta parcial cos votos acadados por cada unha das emendas ou ponencias alternativas presentadas. Cos datos destas actas parciais elaboraráse unha acta global a nivel da unión comarcal, na que figurarán o número de votos totais acadados por cada emenda ou ponencia alternativa, para efectos de determinar as que acadan o mínimo de votos exixibles para pasar a debate no Congreso. Esta acta global será remetida á Comisión Nacional de Organización. Todas estas asembleas estarán presididas polo organismo convocante das mesmas ou por unha representación do mesmo nomeada para o efecto. O período de celebración destas asembleas fixa-se entre o 05/03/01 e o 17/03/01.

**As asembleas de elección de congresistas** faránse seguindo o criterio de garantir a maior participación posíbel. No caso de que existan incompatibilidades de horarios por mor das quendas de traballo, deberán fixar-se, por parte do órgano competente, diferentes horarios de votación para unha mesma asemblea, podendo en sectores con características especiais (Mar e Transporte) fixar tamén días diferentes para unha mesma asemblea. Así mesmo, poderán celebrar-se tamén asembleas naquelas localidades con locais da CIG en funcionamento, sempre que haxa un mínimo de 15 afiliados no sector. En todos estes casos, as asembleas parciais estarán presididas pola Mesa Central, se as circunstancias o permiten, ou ben por unha Mesa eleixida para o efecto na propia asemblea, redactando-se acta dos resultados de cada unha destas votacións, conformando-se ao final do proceso unha acta global, asinada pola Mesa Central, cos resultados de todas as actas parciais. As diferentes candidaturas que concorran ao proceso poderán nomear interventores en todas as mesas eleitorais, máximo un por mesa, con voz e sen voto. Estas asembleas celebraránse entre o 26/03/01 e o 11/04/01.

Segundo os Estatutos da Confederación, para ter dereito a votar e ser votado, cómpre ter as cotas ao día e unha antigüidade mínima de tres meses de afiliación, con data dun día antes ao da celebración da asemblea.

## **Artigo 5º.- Censos**

---

As Executivas das Unións Comarcais elaborarán os censos de afiliados/as por federacións, facendo entrega dunha cópia a cada unha delas e dando-lles publicidade nos taboleiros de anuncios, conforme ao seguinte calendario :

- Data do censo de afiliados/as, ao 12/01/01
- Período de exposición e reclamacións ao mesmo do 17/01/01-17/02/01
- Prazo para resolución das reclamacións do 17/02/01-28/02/01
- Data publicación censo corregido o 01/03/01

No censo deberán constar os seguintes datos: nome e apelidos, DI, data de alta como afiliado/a, data da última cotización, centro de traballo, concello, unión local.

As reclamacións ao censo farán-se através das executivas comarcais das federacións, as cais darán traslado das mesmas a Executiva da Unión comarcal para que resolva.

Unha cópia dos censos será-lle entrega ao presidente da Mesa Presidencial das asembleas, así como aos interventores daquelas candidaturas que o soliciten.

## **Artigo 6º.- Candidaturas**

---

As candidaturas para congresistas deberán conter como mínimo un número igual ao de postos a cubrir, podendo figurar como suplentes como máximo o triple dos mesmos.

As candidaturas serán apresentadas á executiva comarcal da federación, ou órgano equivalente, podendo facer-se desde o día de convocatória da asemblea ata 48 horas antes de celebración da mesma. O órgano responsable de recepcionar as candidaturas deberá comprobar que todos/as os/as candidatos/as reúnen os requisitos estatutarios para poder presentar-se as eleccións, notificando aos promotores, dentro do prazo das 24 horas seguintes, aquelas deficiencias que detecte. Os promotores das candidaturas teñen de prazo ata unha hora antes da asemblea para corrixir as deficiencias detectadas, dando-se a partir deste momento por proclamadas as candidaturas definitivamente. Para estes efectos son inhábéis os sábados, domingos e festivos.

Calquer baixa que se produza unha vez proclamadas definitivamente as candidaturas, non invalidará estas sempre que as mesmas manteñan un número de integrantes equivalente ao 60% do total.

De todas as candidaturas apresentadas, nada máis seren recibidas, dará-se publicidade no taboleiro de anuncios e fará-se entrega das mesmas, no seu momento, á Mesa presidencial da asemblea. Nas candidaturas debe figurar o nome e apelidos dos candidatos/as, empresa, sector e asinatura dos candidatos en conformidade coa mesma.

Nengun organismo ou cargo da central como tal realizará, custeará ou distribuirá propaganda a favor de nengunha candidatura.

## **Artigo 7º.- Mesa presidencial e votacións**

---

O organismo convocante será o responsable de dar inicio ás asembleas procedendo á elección dunha Mesa Presidencial e proporcionando-lle á mesma toda a documentación que precise. A dita mesa constará de presidente/a, secretario/a e vogal e deberá contar co respaldo de 2/3 dos eleitores presentes. Se na primeira votación non se acadasen os 2/3, fará-se unha segunda votación e de non acadar-se de novo os dous terzos, constituirá-se a Mesa mediante asignación dos seus membros a cada unha das candidaturas apresentadas en proporción aos votos obtidos. Unha vez eleixida a Mesa Presidencial, esta será a responsable da marcha da asemblea, de proclamar as candidaturas e de redactar acta de todas as decisións que se tomen na mesma. A Mesa Presidencial disporá do censo definitivo de afiliados/as con dereito a voto, así como do resto de material obxecto de debate na mesma. As decisións na Mesa adoptarán-se por maioría.

As votacións serán mediante papeletas individuais por candidaturas, iguais en tamaño e cor. Unha vez feito o recuento dos votos, fará-se por parte da Mesa a asignación dos representantes que corresponden a cada candidatura, segundo reparto proporcional ao número de votos obtidos por cada unha delas. Caso de existir unha soa candidatura ou de producir-se unha de síntese, poderá-se utilizar, por decisión maioritaria das persoas integrantes da candidatura, o método de votación en lista aberta, tendo cada afiliado/a dereito a votar como máximo por un número de candidatos/as equivalente ao 75% dos postos a cubrir.

Do resultado da votación a Mesa presidencial redactará acta, que será asinada polos seus membros. Da acta exporá-se cópia no taboleiro de anuncios durante os tres días laborábeis seguintes e entregará-se cópia ao órgano convocante da asemblea. Transcorridos eses tres días sen que exista impugnación, dará-se por válida a dita acta, a cal será remitida á Comisión Nacional de Organización (Executiva Confederada).

As impugnacións á acta poderán presentar-se por parte de calquer afiliado/a afectado ao Presidente/a da Mesa, resolvendo esta en primeira instancia no prazo máximo de 48 horas. No caso de desacordo coa resolución da Mesa, o impugnante ten tres días laborais para recorrer á Comisión de Garantías da Confederación, a cal deberá resolver no prazo de dez días. A decisión da Comisión de Garantías non é recorrible.

Non se consideran válidos os votos por correo, nen o sistema de urnas itinerantes.

## **Artigo 8º.- Congressistas**

---

O cargo de congresista é persoal e intransferíbel, agás causa de forza maior que impobilite a asistencia. Neste suposto, o afectado/a comunicará por escrito a súa baixa como congresista á Comisión Nacional de Credenciais, através da federación ou da unión comarcal, podendo ser substituído/a polo seguinte da súa mesma lista, no caso de listas pechadas, ou polo seguinte en número de votos, no caso de listas abertas. Unha vez comprobado por parte da Comisión de Organización os datos da persoa con dereito a substituír ao congresista que causa baixa, procederá a estender-lle a credencial correspondente, facendo-lle chegar através da estrutura federativa ou comarcal a que pertenza. O prazo máximo para proceder a este tipo de substitucións rematará 24 horas antes da hora fixada para o inicio do Congreso. Este criterio fai-se extensivo a calquer proceso interno que exixa elección previa de delegados.

Os congresistas natos non poderán participar como candidatos na elección a delegados/as ao Congreso.

Todos/as os/as congresistas deberán portar unha tarxeta identificativa para poder participar nas sesións congresuais. Estas tarxetas entregaranse pola Comisión de Credenciais ao inicio do Congreso, previa presentación por parte do interesado/a do documento de identidade ou análogo.

## **Artigo 9º.- Comisiones Precongresuais**

---

Crease unha Comisión de Organización do Congreso formada pola Executiva Confederal.

Crease unha Comisión de Credenciais integrada por polo Secretario Confederal de Organización e polos Secretarios de Organización de cada unión comarcal, ou persoa na que as mesmas deleguen.

A Comisión de Garantías para todo o proceso congresual será a mesma existente na CIG, elixida no 2º Congreso.

## **Artigo 10º.- Financiamento**

---

O financiamento dos gastos inherentes ao proceso congresual correrá a cargo de cada estrutura afectada polos gastos en cuestión. Os gastos de índole nacional que se produzan, así como os derivados da celebración das sesións congresuais, correrán a cargo da Caixa Nacional da CIG.

## **Artigo 11º.- Ponencias e emendas**

---

As ponencias deberán estar elaboradas e aprobadas polo Consello Confederal da CIG na data do 16/02/01. Elaboraranse as seguintes ponencias:

- a) Informe da Executiva Confederal. Será elaborado pola Executiva e distribuído aos congresistas con dez días de antelación ao inicio das sesións do 3º Congreso.
- b) Informe de contas. Será elaborado pola Executiva Confederal e distribuído aos congresistas con dez días de antelación ao inicio das sesións do 3º Congreso.
- c) Regulamentos das sesións do congreso.
- d) Organización e Estatutos.
- e) Ponencia Base.

As ponencias sinaladas nos apartados c), d), e) serán elaboradas por sendas comisións nomeadas polo Consello Confederal de entre os seus membros.

As ponencias serán aprobadas polo Consello Confederal, tendo a consideración de ponencias oficiais aquelas que acaden o respaldo da maioría dos membros asistentes a sesión do mesmo. Así mesmo, repartiranse conxuntamente coas oficiais todas aquelas ponencias que contén co respaldo dun 25% dos membros asistentes. Nas ponencias farase constar o respaldo orgánico co que contan.

As emendas e ponencias alternativas para pasar a debate no Congreso Confederal deberán contar, a nivel do global das asembleas de federación celebradas nunha unión comarcal, co respaldo do 20% dos asistentes e un mínimo de 15 votos.

Estas emendas e ponencias alternativas deberán remitir-se a Comisión Nacional de Organización, con data tope do 30.03.01, con indicación do portavoz que vai defender cada unha delas no pleno do Congreso.

De non saír eleitos congresistas, os portavoces das emendas poderán delegar a defensa das mesmas en calqueira outro congresista, tendo que comunicar os datos deste a Comisión Nacional de Organización, através da súa federación ou unión comarcal, tendo de prazo ata 48 horas antes do inicio do Congreso.

Das emendas e ponencias alternativas farase chegar copia a todos os congresistas antes da celebración do Congreso.

### **Calendario pre-congresual**

Convocatoria do Congreso.	09/11/00
Data tope fixación nominal dos membros natos do Congreso Confederal.	31/12/00
Data confección censos de afiliados/as.	12/01/01
Prazo de exposición e reclamacións aos censos.	17/01/01 - 17/02/01
Prazo resolución reclamacións aos censos.	17/02/01 - 28/02/01
Data publicación censos corrixidos.	01/03/01
Data tope para a aprobación das ponencias polo C. Confederal.	16/02/01
Celebración asembleas federativas comarcais debate ponencias.	05/03/01 - 17/03/01
Celebración asembleas federativas comarcais elección congresistas.	26/03/01 - 11/04/01
Data tope envío emendas a Comisión Nacional de Organización.	30/03/01
Data tope envío congresistas eleitos a Comisión Nacional de Organización.	20/04/01
<b>Data celebración 3º congreso CIG</b>	<b>12-13 de maio do 01</b>



**Confederación Intersindical Galega**